

VIERNES, 24 de octubre de 2008

LUCES

## Catro premios en trinta anos

D. S. | 24 OCT 2008

**Archivado en:** Premios Nacionales Cultura Premio Nacional Literatura Infantil Comunidades autónomas Literatura infantil Premios cultura Administración autonómica Premios Eventos Galicia Literatura España Administración pública Sociedad Cultura

A fortuna da literatura galega nos Premios Nacionais que, dende 1976 (78, na modalidade de Literatura Infantil) e anualmente, outorga o Ministerio de Cultura resulta historicamente desigual. Alfredo Conde en 1986, por *Xa vai o griffón no vento*, Manuel Rivas en 1996, polos contos de *¿Que me queres amor?*, e Suso de Toro en 2003, por *Trece badaladas*, foron os únicos galegos en recoller o galardón na categoría de Narrativa. Ningún premiado no eido da poesía, aínda que si numerosos finalistas entre eles, catro veces, Miguel Anxo Fernán Vello. E a gran sorpresa de Rubén Ruibal na edición do ano pasado, que gañou o Nacional de Literatura Dramática con *Limpeza de sangue*, o mesmo galardón que levara en 1997 Manuel Lourenzo por *Veladas indecentes*, dentro dun palmarés galego bardante dos libros infantís e xuvenís.

O célebre *Das cousas de Ramón Lamote*, do lugués Paco Martín (1940), foi recoñecido co Premio Nacional de Literatura Infantil e Xuvenil en 1986. Nove anos logo, en 1995, Xabier Puente Docampo (Rábade, 1946) sumábase á representación galega de gañadores cos catro relatos de misterio de *Cando petan na porta pola noite*. Un ano máis tarde, Fina Casalderrey (Xeve, 1951) repetía para a literatura galega con *O misterio dos fillos da Lúa*.

Até onte, cando o clásico dos libros infantís e xuvenís en galego Agustín Fernández Paz, autor de obras tan populares como *Corredores de sombra*, *Aire negro*, *As flores radioactivas* ou *Cartas de inverno*, fixo parella co historiador Justo G. Beramendi -hai unha semana anunciábase que o Premio Nacional de Ensaio ía, por primeira vez, para un libro en galego, *De provincia a nación. Historia do galeguismo político-* no certame do Ministerio de Cultura.